



Informe relativo ao proxecto “Parque eólico Monte da Croa”, nos concellos de Dumbria e Vimianzo

Código C01.02515

Expediente: IN408A 2019/105

Proxéctase a construción dun parque para a obtención de enerxía eólica nos concellos de Dumbria e Vimianzo. Dentro dos trámites para aprobar o proxecto, o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña solicitou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal o preceptivo informe sectorial que ven especificado no artigo 66 da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Estudo do proxecto

No parque instalaranse 7 aeroxeradores, dos que 5 posuirán unha potencia unitaria de 4.200 kW e 2 terán potencia unitaria de 3.450 kW. A potencia total do parque se atopará limitada a 27 MW. Os sete aeroxeradores atoparanse en terreos do concello de Vimianzo. A evacuación da enerxía xerada realizarase mediante conducións soterradas en gabias que transportarán a enerxía dos aeroxeradores ata a subestación do parque eólico, en liñas de media tensión a 30 kV. En total construíranse 17.146 m de gabias. O deseño das traxectorias das gabias realizouse de xeito que a maior parte da súa lonxitude discorra paralela aos viais ou ou longo de camiños ou devasas forestais.

As coordenadas dos aeroxeradores lístanse a continuación:

AEROGENERADORES			
Coordenadas UTM huso 29			
MÁQUINA	MODELO	X	Y
MC-01	V136-4,2 MW	497.329	4.770.418
MC-02	V126-3,45 MW	497.494	4.770.050
MC-03	V126-3,45 MW	497.649	4.769.691
MC-04	V136-4,2 MW	495.166	4.768.045
MC-05	V136-4,2 MW	494.592	4.766.086
MC-06	V136-4,2 MW	494.839	4.765.804
MC-07	V136-4,2 MW	494.973	4.765.504





Todas as liñas soterradas que partirán dos aeroxeradores levarán a enerxía ata a subestación do parque, cuíos vértices se atoparán nas seguintes coordenadas (ETRS89, huso 29):

VERTICE	X	Y
A	495.471	4.761.945
B	495.518	4.761.926
C	495.492	4.761.861
D	495.445	4.761.880

Tamén haberá no parque unha torre meteorolóxica de 112 m de altura situada nas coordenadas UTM X: 494.263 e Y: 4.765.917 (huso 29). O parque contará, ademais, cun centro de control que ocupará unha superficie duns 260 m² e se atopará entre os vértices definidos polas coordenadas:

VERTICE	X	Y
A	494.182	4.765.854
B	494.225	4.765.868
C	494.234	4.765.840
D	494.192	4.765.825

O parque contará tamén con diversos camiños de acceso aos distintos elementos que o compoñen. Para a rede de camiños do parque recorrerase á ampliación de camiños existentes mais á apertura de novos. Os novos viais que se constrúan terán unha anchura de plataforma de 6 m. A lonxitude total da rede de viais será de 6.447 m., dos que 5.516m corresponderanse con viais novos e 931 serán reacondicionados.

Os terreos sobre os que se atoparán os distintos elementos do parque eólico se atopan dentro dos termos municipais de Dumbria e Vimianzo e vense afectados polos plans de ordenación destes concellos:

- O concello de Vimianzo posúe unhas Normas subsidiarias de planeamento aprobadas no ano 1994. Na superficie deste concello se situarán os este aerogeneradores, o centro de control e mais a torre meteorolóxica do parque. De acordo coa planificación do PXOM, os terreos sobre os que se situarán os aerogeneradores e a torre son solo non urbanizable e solo de protección forestal. Trátase dunha planificación anterior á entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que, de acordo coa





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2-6ª
15008 A CORUÑA
Tlfno. 981.184.668
servizo.montes.coruna@xunta.gal



disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podería non atoparse actualmente vixente.

- O concello de Dumbría conta tamén cunhas Normas subsidiarias aprobadas no ano 1994. Ao igual que no caso anterior, trátase dunha planificación obsoleta, non adaptada á normativa vixente. Neste concello estará a subestación do parque.

Como consecuencia da aplicación da normativa relativa aos proxectos sectoriais, no documento presentado exprésase a intención de reclasificar os solos afectados polos distintos elementos do parque eólico. Entre outras medidas, proxéctase clasificar como solo rústico de especial protección de infraestruturas unha superficie de 200 m ao redor de cada aeroxerador. Indícase ademais no proxecto sectorial que en dita superficie prohibiranse as plantacións forestais.

Estado forestal

De acordo cos datos obrantes no Servizo de Montes da Coruña, os aeroxeradores do parque eólico non afectarán a montes veciñais en man común, montes pertencentes ao Catálogo de Montes de Utilidade Pública nin a outros montes de xestión pública. Do estudo da ortofotografía aérea PNOA dedúcese que os elementos do parque instalaranse case na súa totalidade sobre superficies de vocación e uso forestais, adicadas a plantacións para a obtención de madeira ou a funcións ecolóxicas e de protección do solo nas zonas non aptas para o cultivo forestal.

O Servizo de Montes solicitou ao Distrito Forestal V información sobre as posibles afeccións ao medio forestal derivadas da execución do proxecto.

O Distrito Forestal V indica que as superficies afectadas pola obra son de propiedade particular, e que nelas predominan as plantacións de piñeiro e eucalipto.

Normativa forestal de aplicación:

- Lei 7/2012, de montes de Galicia

“Artigo 66. Informes sobre os instrumentos de ordenación do territorio e sobre o planeamento urbanístico

Os instrumentos de ordenación do territorio, as normas subsidiarias e complementarias de planeamento urbanístico, os plans xerais de ordenación municipal, os plans de sectorización e os plans especiais non previstos nos plans xerais, así como a modificación destes instrumentos, cando afecten un monte ou terreo forestal, requirirán o informe sectorial da Administración forestal. O dito informe terá carácter vinculante cando se trate de montes catalogados, protectores e terreos rústicos de especial protección forestal.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2-6ª
15008 A CORUÑA
Tlfno. 981.184.668
servizo.montes.coruna@xunta.gal



O informe deberá ser emitido no prazo de tres meses. Transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe deberá conter as razóns técnicas ou xurídicas que o motivasen."

No seu anexo II a lei especifica as distancias que deberán gardar as repoboacións forestais respecto a camiños e conducións aéreas de electricidade:

"Anexo II: Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais:

e) Con pistas, asfaltadas ou non, de polo menos 5 metros de ancho e que contén con polo menos unha gabiá: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral; e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco, contados desde o límite exterior dos movementos de terra da obra de construción dela.

f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica: 5 metros para todas as especies.

- Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Proposta de informe:

O artigo 4 da lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, inclúe aos proxectos sectoriais entre os instrumentos de ordenación do territorio. De acordo co artigo 66 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, os instrumentos de ordenación do territorio, cando afecten a un monte ou terreo forestal, requirirán o informe sectorial da Administración forestal. Dito informe terá carácter vinculante cando se trate de montes catalogados, protectores e terreos rústicos de especial protección forestal. O informe deberá ser emitido no prazo de tres meses.

As superficies de afección do parque ao medio forestal virán determinadas polas áreas ocupadas directamente polo xerador de enerxía eólica e as demais infraestruturas do parque eólico, polas distancias de servidume que operen para cada elemento construtivo e ademais pola superficie necesaria para o cumprimento das distancias de plantación da Lei de montes de Galicia e máis da normativa de prevención de incendios relativa a redes de faixas de xestión de biomasa. Será necesario constituír as faixas de biomasa descritas na Lei 3/2007 ao redor das instalacións que produzan, almacenen ou transporten enerxía eléctrica de xeito aéreo e das edificacións e camiños que se constrúan.

De acordo cos datos do servizo e co informe emitido polo Distrito Forestal V, esta obra non afecta a montes veciñais en man común, montes pertencentes ao Catálogo de Montes de Utilidade Pública nin a outros montes de xestión pública.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2-6ª
15008 A CORUÑA
Tlfn. 981.184.668
servizo.montes.coruna@xunta.gal



Como consecuencia da aplicación da normativa relativa aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, no proxecto propónse unha modificación dos planeamentos municipais dos concellos afectados polo parque. De acordo coa modificación proposta, reflectida nos planos do proxecto, procedería declarar as superficies afectadas polos aeroxeradores e polas liñas eléctricas e redes de condución soterradas do parque eólico, e mais pola subestación e o edificio de control, como solo rústico de especial protección de infraestruturas.

No proxecto e nos seus planos figuran como terreos a clasificar como solo de protección de infraestruturas superficies de 200 m ao redor do centro de cada aeroxerador, que é a distancia a partir da cal o ruído producido por un aeroxerador se confunde co vento. Na páxina 66 do proxecto sectorial indícase que, tal e como se establece na Lei 2/2016, do solo de Galicia, cando un terreo, polas súas características, poda corresponder a varias categorías de solo rústico, se aplicarán os distintos rexímenes de forma complementaria. Non obstante, no mesmo documento, na páxina 68, indícase a intención de prohibir as plantacións nese radio de 200 m ao redor de cada aeroxerador. O cambio de clasificación afectaría, deste xeito, a 12,57 ha na contorna de cada aeroxerador, e a un total de 88 ha nas que as repoboacións estarían prohibidas. Deste xeito, anque se manteñan superpostas as categorías de solo de especial protección forestal e de solo de especial protección de infraestruturas, na práctica o uso forestal estaría prohibido.

A xuízo deste servizo, o criterio de prohibir as repoboacións nunha zona na que abundan os usos forestais ata a distancia na que o ruído do aeroxerador confúndese co vento non ten moito sentido, sobre todo considerando que as leis que rexen as plantacións forestais non prescriben gardar esas distancias. Tampouco a Lei 2/2016, do solo de Galicia, prescribe a prohibición das plantacións forestais no solo rústico de especial protección de infraestruturas. O efecto de prohibir as repoboacións podería, ademais, resultar contraproducente para as labores de mantemento do propio parque pois a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, indica que, nunha área de 200 m de diámetro con centro en cada aeroxerador, haberá que xestionar a biomasa, e precisamente as plantacións forestais constitúen con frecuencia o mellor e máis económico modo de xestionar a biomasa, pois as árbores impiden a proliferación do mato que a Lei 3/2007 obriga a controlar.

O Servizo de Montes considera que, neste tipo de proxectos, nos terreos forestais convén sempre superpoñer a nova clasificación á de protección forestal de xeito que, en cada caso, prevalezan as condicións de uso máis restritivas dentro das correspondentes ás dúas clasificacións, e que os montes conserven integramente a clasificación que incide na conservación dos seus valores forestais. E, polas razóns expresadas, cre que para estes proxectos o cambio de clasificación debería limitarse ás superficies de afección directa dos aeroxeradores e vías, co obxecto de non perder





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2-6ª
15008 A CORUÑA
Tlfn. 981.184.668
servizo.montes.coruna@xunta.gal



potencial para a produción forestal nos arredores. Así mesmo, entende que a prohibición de realizar plantacións nun radio de 200 m ao redor de cada aeroxerador non se corresponde coas prescricións da Lei do solo de Galicia para o solo rústico de especial protección de infraestruturas e pode resultar contraproducente para as labores de mantemento do parque eólico.

Algúns dos elementos presentes no parque eólico, como a subestación, conlevan certo risco de incendio forestal. Ademais, no redor dos aeroxeradores e das demais estruturas do proxecto deberase cumprir a normativa de prevención de incendios forestais. Por estas razóns este servizo estima que o proxecto debería ser informado pola Dirección Xeral de Defensa do Monte.

